La Voz de Galicia | HEMEROTECA WEB

13 de abril del 2005

CULTURA Y TV

ENTREVISTA | JOHN THOMPSON

«O descoñecemento do pasado leva á xente a votar a Bush»

Estudoso da narrativa galega sobre a Guerra Civil, sobre a que prepara un libro en galego, cre que a historia da contenda axuda a comprender os conflitos do presente

Francisco Albo monforte

ALBERTO LÓPEZ

Profesor de literatura na Universidade de Montana, o seu estado natal, John Thompson incorporarase en pouco tempo á nómina de escritores en galego, idioma que fala e escribe perfectamente. Para o próximo outono espera ter acabado un estudo sobre a literatura galega inspirada na Guerra Civil. Sobre este asunto pronunciou onte en Monforte unha conferencia que organizou o recén creado colectivo Recuperando Memoria.

-Coñecín o mundo galego a raíz de que o meu avó casase en segundas nupcias cunha señora venezolana de orixe galega. Unha rapaza da familia desta señora e eu fixemos un intercambio: ela foi a Estados Unidos a estudar inglés e eu vin a Galicia, onde pasei varios anos facendo estudos universitarios. Sigo vindo con frecuencia e teño aquí moitos amigos. Despois fixen un curso de doutoramento en Michigan e cando tiven que elixir un tema para a miña tese, escollín a ficción narrativa galega sobre a Guerra Civil. Intereseime polo asunto lendo ***O lapis do carpinteiro*** , unha novela que me gustou sen que chegase a parecerme unha obra mestra. Depois lin e estudei a outros moitos autores galegos que escribiron sobre esa etapa histórica: Fernández Ferreiro, Ramón Valenzuela, Carlos Casares, Silvio Santiago, María Xosé Queizán, Francisco Fernández Naval, Anxo Angueira... ***-¿Que interese cre que pode ter esta literatura nos Estados Unidos?*** -Estou dando un curso na Universidade de Montana sobre a literatura da Guerra Civil, non só sobre a galega. Nas clases falamos sobre este período histórico relacionándoo con outros contextos, como o norteamericano, e facendo fincapé na importancia de ter un coñecemento obxectivo da historia. Nos Estados Unidos aínda non se revisaron seriamente épocas conflitivas como o xenocidio dos indíxenas ou a guerra do Vietnam. Por iso hai moita

xente que ten unha idea falsa e deturpada da nosa historia, feita de falacias e estereotipos, de películas como ***Rambo*** . Penso que ter ideas falsas do pasado leva a ter convicciónns reaccionarias sobre o presente. Ese descoñecemento da historia leva a tanta xente a votar a Bush e a apoiar a guerra de Iraq ou, no caso de Galicia, a votar a caciques paletos e reaccionarios. Creo que afondar no coñecemento da historia axuda a construír unha sociedade máis libre e democrática. ***-¿Como ve a situación da lingua e a cultura galegas?*** -Creo que para que o idioma sobreviva hai que abandonar os comportamentos autoritarios e excluíntes que se dan incluso no interior do galeguismo. O Instituto da Lingua Galega, por exemplo, quere que desapareza o lusismo, unha opción defendida por xente valiosa que ama de verdade a Galicia. Pero tamén no BNG hai ás veces actitudes sectarias e pechadas. E creo que a Televisión de Galicia desempeña un papel moi negativo para a conservación do idioma, con ese «galego neutro» tan pobre e falseado que empregan a maioría dos locutores, que só falan galego cando están diante das cámaras. Ata eu o pronunciaría mellor. Só o home do tempo e algúns cómicos utilizan un galego vivo e auténtico como o que se fala nas rúas e nas aldeas.

LA VOZ DE GALICIA,S.A. se reserva todos los derechos como autor colectivo de este periódico y, al amparo del art. 32.1 de la Ley de Propiedad Intelectual, expresamente se opone a la consideración como citas de las reproducciones periódicas efectuadas en forma de reseñas o revista de prensa. Sin la previa autorización por escrito de la sociedad editora, esta publicación no puede ser, ni en todo ni en parte, reproducida, distribuida,comunicada públicamente, registrada o transmitida por un sistema de recuperación de información, ni tratada o explotada por ningún medio o sistema, sea mecánico, fotoquímico, electrónico, magnético, electro óptico, de fotocopia o cualquier otro en general. **M de A Coruña en el Tomo 2.438 del Archivo, Sección General, al folio 92, hoja C-2141.CIF: A 15000649**

© Copyright LA VOZ DE GALICIA S.A. Polígono de Sabón, Arteixo, A CORUÑA (España) RM de A Coruña: tomo 2413, folio 84, hoja C-12502. CIF: B-15.482.177